

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ECONOMÍA**

**ACTA** da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **21 de novembro de 2018**

### **ASISTENTES:**

<b>PRESIDENTE:</b> D. Francisco José Fraga Civeira	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o <b>21 de novembro de 2018</b> , ás 17.30 horas, baixo a presidencia de don Francisco José Fraga Civeira, e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúñese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudio dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
<b>DEPUTADOS/AS:</b> D. Rosendo Luís Fernández Fernández D. Jorge Pumar Tesouro D. Plácido Álvarez Dobaño D. Pablo Pérez Pérez D. <sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara D. José Antonio Feijóo Alonso D. José Ignacio Gómez Pérez D. Vicente Gómez García D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez	
<b>SECRETARIO:</b> D. Francisco Cacharro Gosende	
<b>INTERVENTORA ACCTAL:</b> D. <sup>a</sup> Begoña Álvarez Matos	

### **1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE OUTUBRO DE 2018**

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de outubro de 2018, non se formulan observacións, quedando aprobada por unanimidade.

### **2º.- FIXACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS PAZOLANDIA.-**

O Sr. secretario dá conta do contido da proposta da Presidencia.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Establecer o seguinte prezo público para a entrada ao parque de atraccións para nenos “Pazolandia”: 4,00 € (IVE incluído) para o público en xeral e 3,00 € (IVE incluído) para as persoas que accedan en viaxes promovidos polos concellos da provincia.

**Segundo.-** Nos restantes aspectos non previstos no presente acordo, estarase ao disposto na Ordenanza reguladora dos prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportivas, educativos e de ocupación de tempo libre promovida pola Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 139, do 19 de xuño de 2014).

**3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.**- Non se presentan.

**4º.- ROGOS E PREGUNTAS.**- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**D. José Ignacio Gómez Pérez, do Grupo Socialista,** pregunta se hai algunha limitación de aforo en Pazolandia.

**D. Jorge Pumar Tesouro, do Grupo Popular,** responde que si e que hai un plan de seguridade no que se contempla expresamente a dita limitación, aplicándose de modo efectivo.

E, ás 17.40 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifíco.